

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALLEGA DE ASOCIACIONES DE ATENCIÓN A LAS PERSONAS CON PARALISIS CEREBRAL (ASPACE GALICIA) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ASESORAMENTO E APOIO NA INSERCIÓN LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL NO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO DE GALICIA.

En Pontevedra, a 20 de setembro de 2019

REUNIDOS

Dunha banda, don Jesús Vázquez Almuíña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Doutra banda, dona Mónica Touriño Soto, presidenta da FEDERACIÓN ASPACE GALICIA, nomeada pola Asamblea Xeral no exercicio das súas competencias, de acordo co establecido no artigo 27 dos Estatutos de data 28 de abril de 2016.

EXPOÑEN

I.- A Consellería de Sanidade é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponde, entre outras competencias, a planificación estratéxica de políticas de recursos humanos conxunta do Sistema Público de Saúde de Galicia, correspondéndolle ao Servizo Galego de Saúde o deseño e execución da política de persoal do organismo.

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, lei aplicable ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, establece no seu artigo 48.2 que nas ofertas de emprego público reservárase unha porcentaxe non inferior ao sete por cento das prazas convocadas para seren cubertas entre persoas con discapacidade, sempre que superen as probas selectivas e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade desta co desempeño das tarefas e funcións, de xeito que progresivamente se alcance o dous por cento dos efectivos totais de cada Administración pública incluída no ámbito de aplicación desta lei.



A reserva do mínimo do sete por cento realizarase de maneira que, polo menos o dous por cento das prazas ofertadas o sexa para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, e o resto das prazas ofertadas o sexa para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

II.- A Federación Galega de Asociaciones de Atención a las Personas con Parálisis Cerebral, en adiante Federación ASPACE GALICIA, entidade sen ánimo de lucro e de referencia a nivel autonómico na atención a persoas con parálises cerebral, ten como misión favorecer a coordinación e cooperación entre asociacións de parálises cerebral e outras entidades, de xeito que a unión e a forza das mesmas, logren a igualdade de oportunidades das persoas con parálises cerebral.

A Federación ASPACE GALICIA ten como obxecto:

- Coordinar, impulsar e potenciar os obxectivos e as actividades das súas asociacións membros.
- Representar aos seus membros en cuestións de interese xeral ou a petición dos mesmos.
- Promover o estudo a información e a difusión dos problemas que afectan ás persoas con parálise cerebral, así como as súas solucións.
- Fomentar e desenvolver actividades deportivas, de ocio e tempo libre, nas que interveñan persoas con parálise cerebral, así como súas solucións.

Calquera outro que, de modo directo ou indirecto, poda contribuír á realización dos fins da Federación e das súas asociacións membros, que redunden en beneficio das persoas con parálises cerebral e/ou das súas familiar ou representantes legais.

Estes obxectivos non son excluíntes das accións que en idéntico senso podan levar a cabo as asociacións membros desta Federación, de acordo cos seus propios Estatutos.

III.- A Federación ASPACE GALICIA para a consecución dos seus obxectivos, así como no marco da presente colaboración, contará co apoio e traballo coordinado das súas entidades membros:

DENOMINACIÓN	CIF
ASPACE CORUÑA	G15031529
Asociación AMENCER ASPACE	G36153757
Asociación APAMP	G36624120
ASPACE LUGO	G27178904



En virtude de todo o exposto, e no exercicio das competencias que lles son propias, as partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio de colaboración, que están interesadas en establecer de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e fin do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Sanidade e a FEDERACIÓN ASPACE GALICIA, para o desenvolvemento de actividades que teñan por finalidade facilitar a adaptación e o desenvolvemento das funcións nos postos de traballo das persoas con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns que pasen a prestar servizos no Servizo Galego de Saúde, como persoal estatutario fixo ou persoal temporal, mediante a realización das actuacións recollidas na cláusula seguinte.

SEGUNDA.- Actuacións a desenvolver

- Apoio na adaptación de medios e tempos nas probas selectivas de acceso a prazas reservadas a persoas con parálises cerebral e/ou patoloxías afíns nas ofertas públicas de emprego do Servizo Galego de Saúde.
- Apoio no proceso de inserción e adaptación efectiva ao posto de traballo dos traballadores con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns , así como do seu entorno laboral.
- Seguimento do desempeño da actividade laboral, incluíndo formación continua en competencias instrumentais, transversais e laborais para este colectivo, de acordo cos resultados da detección de necesidades formativas.

TERCEIRA.- Obrigas das partes

A colaboración da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde no bo fin das actuacións comprenderá:

- a) A posta a disposición das instalacións e os medios axeitados para o desenvolvemento das actividades propias da formación.
- b) Proporcionar formación ás persoas con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns que superen un proceso selectivo ou inicien unha prestación de servizos de carácter temporal, sobre as distintas funcións que deberá desenvolver no desempeño do seu posto de traballo.



c) Realización de actividades que faciliten o proceso de acollida no entorno laboral das unidades de destino dos aspirantes, para o que se contará co asesoramento do persoal da Federación ASPACE Galicia.

d) Todas aquelas actividades formativas ou de orientación que contribúan á mellora do desempeño e á plena inserción dos traballadores con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns no Servizo Galego de Saúde.

As obrigas da Federación ASPACE GALICIA serán as seguintes:

a) Colaborar coa Administración nas actividades formativas e de acompañamento, tanto as previas ao inicio da prestación de servizos, como as de seguimento, a través do asesoramento e do apoio precisos

b) Asesoramento no proceso de integración laboral dos aspirantes.

CUARTA.- Comisión de seguimento

Se establece unha comisión de coordinación e seguimento do presente convenio que estará integrada por catro representantes da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, un dos cales a presidirá, e por dous representantes de Federación ASPACE Galicia, un dos cales será o presidente ou persoa na que delegue.

QUINTA.- Relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada entidade responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria. A entidade deberá acreditar estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como no cumprimento de todos os seus deberes de aseguramento e demais obrigas co citado persoal.

SEXTA.- Financiamento

A sinatura do presente convenio non supón o compromiso económico algún para as partes asinantes e en consecuencia non precisa consignación orzamentaria.



SÉTIMA- Modificación, denuncia e resolución do convenio

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. Tamén poderá ser denunciado por calquera das partes previa comunicación á outra parte con un mes de antelación.

Ademais das xerais, son causas de resolución do presente convenio de colaboración as seguintes:

- a) A non realización das actividades ou actuacións que motivaron a súa celebración.
- b) O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas.

OITAVA.- Natureza do convenio

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, quedando excluído da aplicación da lexislación dos contratos administrativos, a tenor do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. Este convenio rexerase polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

Para todo o non disposto neste convenio estarase ao previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82 do 30 de abril), na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia, e demais normativa de aplicación.

NOVENA.- Xurisdición

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que puidera xurdir no desenvolvemento do presente convenio. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación ou no incumprimento das obrigas que se deriven do presente convenio, e que non poidan ser dirimidas pola Comisión de seguimento creada para tal efecto, quedarán sometidas á xurisdición contencioso administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.




VIASPACE
PRESIDENTE CENTRAL
2011-2015
Tel: 986 819 967

DÉCIMA.- Vixencia

O presente convenio terá unha duración dun ano, entrando en vigor na data da súa sinatura. Asemade, poderá ser expresamente prorrogado polas partes, consonte co sinalado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio de colaboración, asínase polas partes comparecentes, por duplicado exemplar, no lugar e data que sinala do encabezamento.

**POLA CONSELLERÍA DE SANIDADE E O SERVIZO
GALEGO DE SAÚDE**



Jesús Vázquez Almuiña

**POLA FEDERACIÓN
GALICIA ASPACE**



Mónica Touriño Soto